



Concello do Porriño



## **BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NA FESTA DE PORRIGALIA PARA O ANO 2025**

A Concellería de Cultura do Concello do Porriño convoca as festas de PORRIGALIA 2025 para os días 12 e 13 de xullo. A finalidade destas bases é establecer os requisitos, pautas e condicionantes que se deberá cumplir para poder participar durante a celebración destas festas.

### **PRIMEIRO.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e instalación dos postos temporais de venda en espazos de uso público municipais destinados á venda de produtos autorizados na festa de Porrigalia e que se rexen por:

- A Lei 13/2010 do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.
- A lei 9/2013 do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- A lei 10/2017 do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- A ordenanza fiscal pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreo de uso público; así como na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

### **SEGUNDO.- EMPRAZAMENTO E AMBIENTACIÓN DO REAL MERCADO**

En canto ao EMPRAZAMENTO, os postos de venda situaranse dentro do recinto feiral de Porrigalia que comprende as seguintes rúas e prazas do Porriño:

- Rúa Ramón González,
- Praza do Cristo
- Praza Antonio Palacios
- Cale Pío XII
- Rúa Manuel Rodríguez

Fora do recinto establecido non se permitirá o asentamento de ningún posto na rúa, nin a venda ambulante de ningún produto, salvo autorización expresa da organización.

A policía local incautará toda aquela mercadoría que non estea autorizada pola organización e que non estea dentro do Recinto feiral de Porrigalia.

En canto á AMBIENTACIÓN, os solicitantes deberán adaptarse ao espazo designado pola organización e deberán ter unha ambientación acorde coa festa, tanto no interior como no exterior (o mobiliario e estruturas, que estean á vista, deberán ser de madeira, arpíllera e palla). Calquera material deberá estar recuberto con tecidos rústicos (liño, tea de saco, sedas etc.)/ etc.).





Concello do Porriño



En caso de choiva os materiais empregados para protexerse serán lona de cor granate sen ningún tipo de publicidade e únicamente autorizarse usar plásticos por baixo e totalmente camuflado, tanto nos postos do Concello como nos postos dos establecimentos.

Todas as persoas que estean á fronte do posto deberán ataviarse con traxe adecuados á época e a historia na que se ambienta a zona na que estea situado o seu posto (Galo, Romano, Castrexo, Exipcio e Grego).

Todos os menús deben ser acordes co espírito da festa, mantendo unha boa calidade/prezo.

A listaxe de prezos deberá estar nun lugar visible e o seu cartel achegado pola organización e deberán ter follas de reclamación ao dispor do público.

Nos postos de comida a louza e vaixela empregada correrán a cargo de cada solicitante e deberá ser de barro ou cartón biodegradable e está prohibida a utilización de envases tipo vidro, plástico PVC ou similares.

## TERCEIRO.- DATAS, LOCALIZACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN

As datas de celebración de Porrigalia 2025 serán o 12 e 13 de xullo.

O horario autorizado será o seguinte:

- Sábado 12 de xullo: 10:00 – 2:00
- Domingo 13 de xullo: 10:00 – 00:00

Estes horarios son aproximados xa que quedarán supeditados ao ou que determine en cada momento a celebración da festa.

A Concellería de Cultura e festexos, no uso das facultades nas disposicións aplicables na materia e cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá tanto ampliar como limitar o período de ocupación indicado nas presentes bases.

## CUARTO.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os solicitantes deberán cumplir os seguintes requisitos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa. No caso de estar exentos estar dados de alta no censo de obrigados tributarios. Así mesmo, deberá acreditar que están ao corrente coas obligacións tributarias da AET e coa Facenda Pública.
- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente do pago das cotizacións; así como, en cumprimento das obligacións tributarias coa seguridade social e calquera outra administración.
- Estar ao corrente do pago no concello do Porriño e en Facenda.
- Cumprir coas condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda e no seu caso estar en posesión da carta de artesán.
- Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de formación de manipulador de alimentos (carné de manipulador de alimentos).





Concello do Porriño



- Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal. No caso das entidades xurídicas sen ánimo de lucro terá carácter gratuito.
- Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que en cada caso, fosen esixibles, se se trata de persoas estranxeiras.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil en vigor que cubra os danos persoais ocasionados pola instalación do posto. Así como calquera contaminación alimentaria que poida ocasionar a venda dos produtos e outra reclamación que implique a actividade.
- Ter cuberta e asinada a declaración xurada.

## QUINTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- O prazo para presentar as solicitudes dos postos de venda no recinto da festa de Porrigalia estará aberto desde o 9 de xuño ata o 23 de xuño ás 14:00 horas, ambos os incluídos.

2.- Todas as persoas interesadas en obter autorización para a instalación de venda no recinto, deberán cubrir a solicitude oficial e a Declaración Responsable (Anexo I) e presentalas no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0>

Deberá estar correctamente cuberta a solicitude e o anexo I, de non ser así, entenderase por inadmitida.

Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. Con todo, no caso de presentarse fose do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por correo electrónico á dirección rexistro@oporrino.org unha copia da instancia debidamente presentada con anterioridade ao final do prazo, a efectos de que poida ser incluída na relación de solicitantes.

3.- Tal e como se establece o artigo 14.2 da lei 39/2015, están obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas
- As entidades sen personalidade xurídica
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se lle requira colexiación obligatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderase incluídos os notarios e rexistradores do propiedade e mercantís.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elles por razón da súa condición de empregado público, na forma na que se determine regulamentariamente por cada Administración.

A solicitude deberá estar acompañada da seguinte documentación:



1. Fotocopia do DNI/NIF do solicitante ou documento acreditativo análogo expedido no Estado membro da UE ou permiso de traballo e residencia en vigor na data da solicitude.  
No caso de actuar mediante representante, este deberá achegar copia do DNI ou documentación equivalente do representante, así como da acreditación do poder de representación co que actúa.
2. No caso de empresas ou asociacións copia do CIF
3. Declaración responsable segundo o modelo Anexo I
4. No caso de postos de atraccións deberán achegar:
  - a. A póliza e o recibo do pago do seguro de responsabilidade civil que cubra a súa participación
  - b. Atendendo ao artigo 5 do RD 226/2022 do 22 de decembro, deberán presentar:
    - I. O proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións e verificacións de montaxe e das probas de funcionamento e, como mínimo, os puntos de control, as tolerancias admisibles, as velocidades máximas, os límites de idade, a altura e o peso permitido ás persoas usuarias.
    - II. O manual de funcionamento que incorpore instrucións comprensibles, en galego ou en castelán, relativas á montaxe, o funcionamento e o mantemento. Tamén debe recoller os requisitos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento.
    - III. O libro de operacións que identifique con claridade a atracción e conteña os datos sobre a data de adquisición, o historial das reparacións efectuadas, as modificacións e as inspeccións realizadas.
  - c. Permiso de delegación de industria (ITV) ou certificado
  - d. Permiso de enganche de enerxía eléctrica da empresa provedora ou que conta cun grupo electróxeno
  - e. Recibo da Seguridade Social dos traballadores que traballen na atracción, montaxe, desmonte, mantemento e atención (TCS, autónomos ou altas).
5. No caso de postos de alimentación deberán presentar o carné de manipulador de alimentos.

Unha vez aceptada a solicitude, no caso de atraccións, requirirase un informe expedido pola empresa autorizada (homologada) que exprese a correcta montaxe da atracción na parcela designada polo concello do Porriño.

Só admitirse unha solicitude por persoa

## **SEXTO.- ADXUDICACION DAS AUTORIZACIÓNNS DOS POSTOS DE VENDA**

O Concello do Porriño poñerá ao dispor dos solicitantes 20 postos, que se adxudicarán por rigoroso orde de entrada no rexistro.





Concello do Porriño



O resto de solicitudes pasará a formar parte dunha listaxe de reservas por se se producen baixas. A ocupación dos devanditos postos que queden vacantes, realizarase por orde de reserva correlativo mediante chamada telefónica e adxudicarase o debido a que estea dispoñible nese momento.

O solicitante ou representante non terá por que asistir obrigatoriamente ao sorteo. O resultado do sorteo coa listaxe provisional de admitidos publicarase na páxina web do Concello, debendo os suxeitos pasivos ingresar o importe da taxa dentro do prazo establecido de conformidade co apartado séptimo das presentes bases.

## **SEPTIMO.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL E PAGO DA TAXA**

A relación de solicitudes admitidas provisionalmente publicarase na páxina web do concello o XXX, debendo realizar o pago da taxa correspondente antes do día XXX.

### **ANEXO**

I.- A cota que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

- a) Postos para a venda de xéneros e calquera outro,  
na vía pública do núcleo urbano ..... 1,32 €./m<sup>2</sup> dia
- b) Barracas, tóbolas, casetas para espectáculos e atraccións:
  - Ata 25 m<sup>2</sup> ..... 3,51 € dia
  - Por cada m<sup>2</sup> máis ..... 0,34 € dia
- c) Circos:
  - Ata 500 m<sup>2</sup> ..... 34,96 € dia
  - Por cada 100 m<sup>2</sup> máis ..... 2,10 € dia

O xustificante bancario deberá ser presentado por rexistro mediante as formas detalladas nos puntos anteriores.

O solicitante que non realice o pago das taxas no prazo establecido, será rexeitado, sendo chamado o seguinte na listaxe de reservas.

## **OITAVO.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA E RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN**

Elaborada a listaxe definitiva, a organización procederá á publicación da resolución da Alcaldía que outorga as autorizacións para todos os postos de venda na páxina web do Concello, a partir do 8 de xullo.

Unha vez adxudicado o posto, se o solicitante non o utiliza, non terá dereito a devolución da taxa. Así mesmo, se o adxudicatario non realiza a montaxe do posto no primeiro día, entenderase como desistido e o concello adxudicará o posto a outro solicitante.

Todos os postos serán numerados e plasmados nun plano que se publicará na páxina web do Concello, e non se poderán cambiar de sitio baixo ningún concepto.





Concello do Porriño



A recollida das autorizacións para a montaxe dos postos de venda realizarase entre os días 09 e 10 de xullo no Rexistro do Concello, en horario de mañá de 9 a 14 horas.

## NOVENO.- PRODUTOS AUTORIZADOS PARA A VENDA E EXHIBICIÓN

Os produtos de venda e exhibición autorizados deberán ser naturais, autóctonos, feitos a man e elaborados en casa, de características artesanais e ancestrais, e sempre que encaisen na seguinte clasificación e grupos:

- a. Alimentación: pan, empanadas, empanadillas, filloas, queixos, embutidos, croquetas, tortillas, chourizos, lacón, callos, polbo, xamón asado, olivas, froitos secos, froita, doces caseiros, bicas, madalenas, cañitas, rosquillas, leite frito, gofres, , tortas de Sarmiento, mel, chocolate, amendooados etc. Prohibíbase máquinas expendedoras de flocos de millo ou churros.
- b. Bebidas: viño, cervexa, auga, leite, zumes e refrescos, etc. Estas bebidas autorizaranse só nos postos de comida.
- c. Artesanía: todos os produtos feitos a man e cunhas características determinadas onde se empreguen materiais como corda, vimbia, barro, madeira, ferro, tecidos, prata, ouro, bronce, pedra, lousa, coiro, gomaeva, metal, etc. d)
- d. Demostración de oficios artesanais: oleiros, ferreiros, canteiros, carpinteiros, cesteiros, tecervos, repuxado de coiro, encaixes de palillos, calceta, ourivaría, etc. e)
- e. Antícuallas: venda de antícuallas como apeiros de labranza, chaves de ferro, utensilios e pezas cunha antigüidade superiores a 50 anos.

## DÉCIMO.- REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA:

Os postos axustaranse ao disposto nas regulamentacións técnico sanitarias específicas e demás normativa reguladora aplicable en cada sector.

Todos os postos deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supoñer un risco para os usuarios, os viandantes e para os bens públicos ou privados.

O solicitante responderá de calquera dano que se orixe na zona autorizada e de calquera anomalía que se produza no exercicio da súa actividade.

A persoa titular da autorización deberá ter exposta ao público e as autoridades que realicen actuacións inspectoras os seguintes documentos:

- A autorización do posto de venda que lle facilitará a organización.
- Follas de reclamación e unha dirección para a recepción das mesmas.
- Listaxe coas mercadorías e os prezos que teñan a venda.

## UNDÉCIMO.- CONDICIÓNNS PARA A INSTALACIÓN DO POSTO

As autorizacións concédense para os días 12 e 13 de xullo do 2025.

- **Sobre a montaxe e desmonte:**





Concello do Porriño



A montaxe de atraccións e postos estarán correctamente instalados entre as 8:30 e 10:00 do día 12 de xullo do 2025, para realizar por parte da organización unha visita técnica sobre a instalación.

Salvo autorización expresa do Departamento de Cultura do Porriño para efectualo na véspera pola tarde.

Desmonte dos postos: realizarase unha vez finalizada a festa, na noite do 13 ao 14 de xullo, todos os postos e atraccións deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

- **Limpeza do espazo ocupado**

A limpeza do espazo ocupado, así como a recollida de residuos que se xeren como consecuencia do uso que se solicita, deberá ser asumida pola persoa titular da autorización e o lugar utilizado deberá quedar nas mesmas condicións de uso e limpeza nas que o atopou. Esta limpeza realizarase cada día ao finalizar o final da actividade autorizada.

A persoa titular da autorización está obrigada a atender persoalmente o posto sen que poida cedelo ou alugalo a terceiros.

A persoa titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade obxecto da autorización e deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade para realizar.

Non se utilizará ningunha ancoraxe sobre o pavimento, e no caso do uso de grellas estes postos deberán protexer o pavimento para evitar manchalo con graxas, aceites e carbón.

- **Subministración eléctrica**

Cada titular do posto deberá contar co seu propio xerador de enerxía propia co fin de poder desenvolver a súa actividade.

- As persoas adxudicatarias dos postos e as persoas que estean a atender o posto con eles, deberán obligatoriamente estar ataviados da época que lle corresponda (grega, romana, exipcia, Castrexo ou Galo).
- O Concello do Porriño poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, mediante a correspondente inspección.
- Non se permitirá a reprodución de música nin o uso de aparellos de megafonía, salvo os autorizados pola organización.
- Non se permitirá publicidade distinta que non sexa a oficial da Festa de Porrigalia en calquera medio gráfico, escrito ou dixital.

O incumprimento de calquera das cláusulas das presentes bases implicará a retirada ou precinto do posto e a prohibición de participar nas edicións posteriores da festa, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que no seu caso proceda.

## **DUODÉCIMO.- NORMAS PARA O USO DE PARRILAS**

Os postos de comida deberán cumplir coas seguintes medidas de seguridade:





Concello do Porriño



- Todos os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, brasas ou substancias inflamables deberán dispoñer dun extintor homologado de 6 kg EFICACIA 21 A- 113 B ou dúas de 3 kg.
- A delimitación do espazo do lume, a protección e os extintores deberán estar listos para a revisión antes da festa por parte dos servizos de seguridade da organización.
- O lume farase nun espazo acoutado para tal fin, non permitindo o acceso ás persoas alleas á actividade
- Non se pode facer lume debaixo dos toldos, instalacións eléctricas ou outros elementos susceptibles de arder.
- A zona debe estar illada con placas metálicas en tres das catro caras do soporte e o chan protexido para evitar queimalo ou manchalo con graxas, aceites e carbón.
- Todo tipo de lume deberá estar apagado antes das 24:00 da noite.
- O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado.

## TRECEAVO.- MOTIVOS DE PRECINTADO E EXPULSIÓN

- A presentación de documentación falsa ou irregular será motivo de expulsión
- As solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos ou as que non veñan asinadas polo solicitante non serán admitidas
- Cando se comprobe que o titular do posto cede ou aluga a terceiros o posto autorizado
- O incumprimento de calquera norma das presentes bases dará por revogada a actividade pola cal solicitou autorización.

## CATORCEAVO.- PUBLICIDADE

Ordenar a súa publicación na páxina do Concello do Porriño

**Documento asinado dixitalmente na data que se indica ao marxe**





Concello do Porriño

**ANEXO I: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN  
PARA PARTICIPAR NA FESTA: PORRIGALIA  
2025**

**DATOS DO SOLICITANTE (ENCHER EN MAIÚSCULAS)**

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL				
NIF/CIF/NIE				
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	RÚA			
	Nº	BLOQUE	PORTAL	PISO
POBOACIÓN				CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO				
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO				

En caso de actuar en calidad de representante:

NOME DO REPRESENTANTE		
DNI/NIF/NIE DO REPRESENTANTE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN		

**SOLICITO QUE SE INICIE O EXPEDIENTE PARA A AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN NA FESTA DE SAN BENITO 2025. PARA ISO, ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

**USO DA VÍA PÚBLICA (ESPECIFICAR CAL É O FEITO IMPOÑIBLE MARCANDO CUNHA X)**

**TAXA QUE SE LIQUIDA**

A) POSTO PARA VENDA DE XÉNEROS E CALQUERA OUTRO NA VÍA PÚBLICA URBANO	1,32 €/M2 DÍA
B) BARRACAS, TÓMBOLAS, CASETAS PARA ESPECTÁCULOS E ATRACCIONES	3,51 € DÍA
ATA 25 M2	0,34 € DÍA
POR CADA M2 MÁS	
C) CIRCOS	34,96 M2
ATA 500 M2	
POR CADA 100 M2 M,	2,10 € DÍA

**ESPECIFICAR USO:**

M2 SUPERFICIE A OCUPAR	
Nº DE APARATOS/OUTROS	
TIPO DE MERCADORIA A VENDER	

**DECLARO** estar en posesión dos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante e estar en posesión da documentación que así o acredite, para poder optar á autorización municipal para o exercicio da venda ambulante nas festas de Porrigalia no Concello do Porriño.

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2025

Sinatura do solicitante



Cod. Validación: 3CNFWGRC3PCAJZ3FDPHCFN6RG  
Corrección: <https://opirino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

